
Senlleiras
LETRAS GALEGAS
1963-2021
Arriba
todas, rapaciñas do lugar,
que o sol
e a aurora xa vos vén a despertar.
Arriba!
Arriba, toleirona mocidá,
que atru-
xaremos—cantaremos o ala... lá...
Rosalía de Castro


Francisca Herrera
Ai! se de prata tornárase
a cruz do remordemento
Canto, feito, non fixera!
Canto fixera, non feito!


Tiven medo de bogar,
tiven medo de auga clara.
Anque fora cuns bos remos
anque fora na mar calma,
non bogaba!, non bogaba!
O medo xa non sei del.
Xa secou aquel mar longo.
E sen saber donde veu,
se é doutro ou é meu
navego nun mar de fondo.
María
Mariño


Con Cervantes, Federico
e Miguel, o de Orihuela
faleivos da liberdade
e, contra vento e marea,
enfronteime coa censura
para dicirvos que era
un dereito inalienable
falar na lingua galega.
M.ª Victoria
Moreno


Xela Arias
Nada que ver coa posesión.
Non te posúo nin quero.
Cóidote, ámote e manteño a
esperanza
de aprenderche a te posuíres.
***
Busco o modo de te acompañar sen estorbo,
que sexa ó meu carón feliz e creador
de ti,
de ti e mailo mundo que apañes.

